



**Retorno formación
CMA 2006**
Páx. 4-5



**III Xornadas de
Deseño e Arquitectura:
Tendencias e
Ecodeseño**
Páx. 10-11



**Rincón do Asociado:
Carballo Cocinas**
Páx. 13-15



**Proxecto
Concept Furniture
O Moble do futuro**
Páx. 6-8



Axudas e Subvencións
Páx. 16



**Foro: O Negocio
Forestal**
Páx. 9

**PRM – Plan de
Marketing Sectorial**
Páx. 12

Feiras
Páxs. 17-18

**Balance Alta/Baixa
Asociados ó CMA**
Páx. 12



Retorno Formación CMA 2006



Unha vez rematada a Formación CMA 2006, é hora de facer balance da mesma.

Nos módulos dirixidos a Directivos, Mandos Intermedios e Xestión de Mantemento, do Plan de Formación CMA participaron activamente 27 empresas, o que representa un 59% dos nosos asociados. O número total de matriculados foi de 157 persoas. É de destacar co 100% das empresas que integran o Grupo de Trabalho de Formación, Innovación e Deseño, matriculáronse nalgún módulo formativo.

A temática que máis interese despertou foi a de Custos de Producción,

seguíndolle o de Liderazgo Persoal e Profesional. O resto de módulos tiveron unha acollida similar, a excepción do curso de Xestión de Mantemento que contou con menos asistentes (matriculáronse nel 7 persoas).

Á vista dos cuestionarios de satisfacción recollidos a tódolos asistentes, podemos extraer a seguinte información:

Todos os módulos foron calificados como excelentes ou bós.

Os participantes destacaron como aspectos positivos a presentación de novos enfoques, a claridade e calidade das explicacións, o tratamento de casos reais, o traballo en equipo e o intercambio de preocupacións comúns, e o factor humano dos profesores, entre outros.

Tamén expoñían a necesidade de realizar máis formación, e nalgúns casos, de facer un enfoque orientado especificamente ao sector. Os temas que despertaron maior inquietude formativa nos asistentes foron:

Xestión do persoal: selección de persoal e a súa retribución, a organización do traballo, tipoloxía de contratos, como tratar o absentismo laboral, ...

Administración: continuación dos contidos financeiros, traballo en equipo sobre un caso sectorial (custos), tratamento de custos e a súa aplicación ao produto...

Xestión empresarial: eficacia, calidade e o seu control, deseño, proxectos de inversión, comercio exterior, Seis Sigma e xestión de proxectos, xestión da produción, ...

Marketing: ampliar coñecementos de marketing, marketing relacional, compras, ...

Técnicos: maquinaria e reparación, mantemento, neumática, ...

A empresa familiar. Con esta información, o Grupo de Formación, Innovación e Deseño reuniuse o pasado 17 de Novembro para analizar o

retorno das actividades formativas desenvolvidas durante este ano no Clúster da Madeira de Galicia, e comezar a deseñar o Plan Formativo 2007. Se desexa realizar algunha suxerencia en canto a contidos formativos, pónase en contacto conosco no 981-937261.

En canto a **Formación Técnica**, o Clúster da Madeira de Galicia conviñouse co CIS-Madeira para impartir os seguintes contidos formativos:

“Adhesivos na industria da madeira”, Ourense.

“Novas tecnoloxías para a industria do moble e afixos”, Santiago de Compostela.

“Deseño e control de calidade de mobiliario de cociña”, Ourense.

“Xestión Lean”, Santiago de Compostela.

Cabe salientar a participación dos cadros técnicos, cun total de 110 asistentes. Ademais, segundo se desprende das enquisas de avaliación, tódolos cursos recibiron unha calificación global de excelente/ben, o que consolida ó CIS-Madeira como provedor de servizos formativos para o sector da madeira.

Esta formación técnica responde as demandas formativas recibidas ó longo do ano por parte das empresas asociadas. Neste momento estamos a deseñar novos contidos, polo que estamos a súa disposición para recoller calquera suxerencia formativa en: info@clustermadera.com



3 de Outubro

O pasado venres 3 de outubro tivo lugar no Palacio de Congressos i Exposicións de Galicia, a Inauguración da Exposición: Concept Furniture- O moble do Futuro.

O acto estivo presidido polo Conselleiro de Innovación e Industria, D. Fernando X. Blanco Álvarez, o Presidente do Clúster da Madeira de Galicia, D. Ángel Hermida Lage, o Vicerreitor de Calidad y Armonización Europea, D. Manuel Peralbo Uzquiano, e o Director da Escola Universitaria de Diseño Industrial, D. José Ramón Méndez.

Proxecto Concept Furniture O Moble do futuro



Na intervención dos relatores, púxose de manifesto que un dos obxectivos deste encontro era concienciar ós empresarios participantes de que o deseño é un elemento diferenciador. Por elo, o Clúster da Madeira de Galicia asume o compromiso de converterse nunha canle efectiva das necesidades de cada empresa e facilitarllelas ferramentas para que poidan incorporar o deseño ós seus produtos.

Mostráronse ó redor de 40 prototipos con novos conceptos de mobiliario baseados na investigación de mercado





desenrolada ó longo do proxecto, o que nos permite anticiparnos ás principais tendencias de consumo de mobiliario en España para os próximos anos. Ademais, puidemos ver seis prototipos reproducidos a escala real.

Esta exposición trasládase ó Instituto Cervantes de Milán para facer unha presentación oficial dos prototipos desenrolados. Permanecerán alí dende o 30 de novembro ata finais de xaneiro. ■



7 de Novembro

Foro: O Negocio Forestal

O pasado 7 de novembro a Xerente do Clúster da Madeira de Galicia participou como invitado no Foro de Iniciativas e Negocios: O Negocio Forestal. Mitos e realidades.

Ademais de D^a. Belén Varela, asistiron tamén como invitados o Director Xeral de Finsa, D. José Carballo, o Director Forestal de Ence, D. Adolfo Asuar, o Director Xeral de Montes, D. Alberte Blanco e o Membro do Comité Consultivo de Bosques da UE, D. Enrique Valero.

O director Xeral de Finsa reclamoulle á Administración máis axudas para os propietarios forestais afectados polos incendios deste verán, facendo fincapé nos requisitos mínimos que deben de cumprir ditos propietarios.

Ademais salientou a capacidade do monte galego para a prantación masiva de pinos e eucaliptos, debido á nosa climatoloxía e condicións. Neste senso, fixo referencia a que a maior parte da industria de chapa fina, baseada en madeira nobre, está pechando ou deslocalizándose de Galicia.

Por outra banda, o Director Forestal de Ence asegurou que a instalación dunha fábrica de papel tisú en Galicia sería unha excelente oportunidade de negocio, debido a alta produtividade do monte galego.

Para rematar, D. Enrique Valero informou que no 2008 abríase un período de negociacións onde España debe presionar para que os propietarios forestais galegos cobren por absorber dióxido de carbono da atmosfera. ■





9 de Novembro

III Xornadas de Deseño e Arquitectura: Tendencias e Ecodeseño



O pasado xoves 9 de novembro tiveron lugar as III Xornadas de Deseño e Arquitectura no Palacio de Congressos e Exposicións de Galicia. O acto foi inaugurado pola Directora Xeral de Fomento e Calidade da Vivenda, Dña. Encarna Otero Cepeda; o Presidente do Clúster da Madeira de Galicia, D. Ángel Hermida Lage; o Director da Escola Universitaria de Deseño Industrial, D. José Ramón Méndez Salgueiro; o Rector da Universidade da Coruña, D. José María Barja e o Secretario Xeral de Confemadera, D. Francesc de Paula Pons.

Ó acto acudiron mais de 200 profesionais do sector da madeira interesados por incorporar o deseño como elemento diferenciador e aporte de valor engadido.

Os relatorios da mañá centráronse no campo das novas tendencias de deseño e maneiras de comercialización. Neste senso, D. José Ramón Méndez, director da Escola de Deseño Industrial baseou a súa charla nas técnicas de investigación de tendencias aplicadas ó deseño de mobiliario.



D. Francesc de Paula Pons.

Estas tendencias baséanse no estudo de parámetros estadísticos sociais e no potencial económico dos mesmos.

A continuación, o Director Xeral de BD Ediciones, D. Jordi Arnau, falou da transgresión como Sistema Empresarial. Fixo un repaso da historia e evolución da súa empresa, explicando cómo os deseños transgresores poden dar bos resultados económicos, se sabemos enfocalos



D. Jordi Arnau

axeitadamente ó público obxectivo.

Amosáronse diferentes modelos de mobiliario réplica exacta de algunhas obras de Dalí, por ter BD Ediciones a exclusividade para facelo.

Tamén contamos coa presenza de D. Mario Rúa da firma Sutega, que nos falou das esixencias do deseño en equipamen-



D. Mario Rúa

to de espazos de traballo, corporativos e institucionais.

Como bo coñecedor do sector de mobles de oficina fixo un estudio da evolución de estilos e necesidades dende a revolución industrial ata os nosos días.

Os relatorios da tarde centráronse no Ecodeseño e Arquitectura. Comenzou Francesc de Paula Pons explicando o proxecto Vivir con Madeira. Trátase dunha iniciativa que se enmarca na Estratexia Europea da Madeira Roadmap 2010, desenvolvida pola patronal europea da madeira CEI-BOIS, co obxectivo de transformala madeira



en material líder na construción, interiorismo e decoración.

O CIS-Madeira participou activamente nestas Xornadas, neste senso o seu Director Xeral D. Francisco Pedras falou nos do ecodeseño e sostiabilidade, e cómo evolucionou dun concepto romántico a unha necesidade tecnolóxica.

Ademais, remarcou a importancia que a Administración galega lle está dando ó ecodeseño, tanto é así que estase barallan-

do a posibilidade de engadir o ecodeseño como criterio de adxudicación positivo nos concursos públicos da Administración. No caso do País Vasco, xa é unha realidade esta proposta.

Por outra parte, D^a Zoila Gulín de Clarke, Modet & C^o explicounos as distintas posibilidades de patentar un produto e qué ferramentas existen para defender os nosos produtos da competencia. Tamén se abordaron temas relacionados coa imaxe de marca e os dereitos de autor.

Por último, o arquitecto italiano D. Luca Lancini da empresa Estudio CO3 falou nos sobre a arqui-



tectura sostible como reto tecnolóxico. Neste senso, explicou o proxecto Fujy que incorpora valores ecolóxicos nos deseños arquitectónicos, baseados no aforro enerxético e na reciclaxe. ■



D. Luca Lancini



29 de Novembro



PRM – Plan de Marketing Sectorial

O pasado mércores 29 de novembro tivo lugar unha reunión entre as empresas promotoras do Proxecto, co obxectivo de definir e coordinar as primeiras actuacións a desenvolver en firme.

Entre elas, constituíuse o Comité de Promotores, o Comité de Control Financieiro e o Comité Executivo. Ademais, fixéronse xa as primeiras contratacións de servizos ó Consorcio da Zona Franca de Vigo e á Universidade.

Este proxecto xurdiu co obxectivo de satisfacer as necesidades detectadas nos prescriptores dos produtos de madeira, os cales amosan un profundo descoñecemento das posibilidades que lles ofrecen os produtos de madeira.

Así pois o obxectivo do proxecto PRM é desenvolver unha estrutura que permita ás empresas do CMA que participen, influír positivamente nos colectivos de prescriptores nacionais e internacionais (arquitectos, constructores, promotores, decoradores, tendas, etc.) mediante accións de

marketing personalizado co obxectivo de incrementar as vendas dos produtos de madeira e os seus derivados, elaborados por elas.

Para conseguilo é necesario establecer vías de contacto sistemáticas cos colectivos de prescriptores creando unha corrente de opinión favorable e ofrecéndolles servizos que reforcen o coñecemento existente e fomenten o uso dos produtos de madeira para os distintos usos aos que van destinados

Neste momento estamos na fase de definición dos sistemas de información que se van a desenvolver. As posibilidades que se contemplan son as seguintes:

Sistema de Información sobre Produtos, onde se recompila información de características técnicas dos distintos produtos de madeira, información sobre durabilidade, deseño, posibles aplicacións, etc.

Directorio de Proveedores, servindo de base de datos para a explotación eficiente de información comercial.

Servizo de atención ós usuarios de madeira, que permita responder ás posibles dúbidas suscitadas polos profesionais e prescriptores.

Sistema de Información sobre aspectos de carácter medioambiental.

Sistema de Información sobre normativa de obrigado cumprimento para a exportación de produtos de madeira.

Así como outras ferramentas que se poderían implementar a posteriori.

O Proxecto de forma global é pois moi amplo, pero estase a acometer por fases para facilitar a execución e o avance do mesmo. Neste senso os resultados veránse a medio prazo, e dicir, no horizonte de dous ou tres anos.

As empresas que están participando actualmente neste proxecto son:

- Bomob.
- Corral y Couto.
- Finsa.
- Galiperfil.
- Grupo ByP Cocinas.
- Laminados Villapol.
- Moblegal.
- Molduras del Noroeste.
- Pérez Leirós.
- Portadeza.

Balance Alta/Baixa Asociados ó CMA

Durante o ano 2006 asociáronse ó Clúster da Madeira de Galicia un total de 13 empresas de toda a cadea da madeira e industria auxiliar:

Biforis, S.L. (Fabricación auxiliar de moble de cociña e baño)

C.A.C. Muebles, S.L. (Fabricación de mobles de cociña)

Carmoble, S.A. (Fabricación de portas e complementos para moble de cociña)

D.Y.R. Insua Miguez, S.L. (Fabricación de caixoneiras e expositores)

Eduardo Campo Seijas (Aserrado e preparado industrial da madeira)

Euro Nazca, S.L. (Import/Export madeira)

Galopín Parques, S.L. (Fabricación de xogos infantís de madeira)

Indeport, S.L. (Fabricación de portas e molduras)

Lareira Eurococinas, S.A. (Fabricación e comercialización de mobles de cociña)

Neira Y Seoane, S.L. (Fabricación de mobiliario de carpintería e ebanistería)

Otero Transformación Maderera, S.A. (Preparación industrial da madeira)

Serrerías Rodríguez, S.L. (Serradoiro de madeira de pino)

Vidrio Norte, S.L. (Manufactura de vidro, artigos de decoración, etc)

Pola contra, déronse de baixa as seguintes empresas:

Faurecia, S.A.

Foresgal, S.C.

Lougar, S.L.

Muebles Puga, S.L.

Por cese de actividade, deixaron de pertencer ó CMA:

Aglomerados Ecar, S.A.
Parquets Lorenzo, S.A.
PG Galicia, S.L.

En liñas xerais, o balance foi positivo cun incremento do 12% no número de asociados.



Rincón do Asociado



A cociña é seguramente a estancia onde mellor se combinan deseño, tecnoloxía e personalidade nas vivendas modernas. Tradicionalmente un lugar de traballo e de reunión familiar, a cociña tense convertido nunha das pezas básicas do amoblamento no fogar. Comodidade, capacidade de almacenaxe, estética, facilidade de limpeza, e expresión da personalidade mediante as escollas e combinacións de deseños, cores e materiais; estas son as crecentes esixencias ás que Carballo Cocinas ven dando resposta dende hai anos.



Carballo Cocinas nace no ano 2001 co ánimo de converterse nun provedor integral de compoñentes para o moble de cociña. Combinando unha innovadora tecnoloxía cuns departamentos integrais por persoal altamente

cualificado, Carballo Cocinas aporta un produto de altos estándares de calidade, a un amplo abanico de público profesional, cun servizo áxil e coitado.

Hoxe en día, Carballo Cocinas é a única empre-

sa galega, e unha das poucas en España, que conta con liñas de fabricación propias de portas en postformado, madeira, e PVC, e máis de módulos en kit, conseguindo brindar así un servizo único dentro do sector e mante-



lo control sobre tódolos detalles do proceso productivo. A liña de módulos foi de feito un complemento natural derivado da necesidade de dar un servizo completo aos nosos clientes, mais mantendo sempre a produción en que nos especializamos: a fabricación de portas para mobles de cociña. Os nosos clientes inclúen tanto grandes superficies de bricolaxe, fábricas e tendas escollidas de cociña, como promotores de obra e constructores, tendo cada segmento maior ou menor peso dependendo da área xeográfica. Alén das distintas comunidades españolas, Carballo Cocinas ten actualmente clientes en países europeos e americanos, e está a apostar firmemente pola apertura de mercados no estranxeiro como vía de crecemento de negocio.

A introducción regular de novos deseños e produtos é o froito da colaboración entre os departamentos de produción, deseño e comercial da



empresa, tentando sempre non só de satisfacer as necesidades presentes do mercado, senón tamén de adiantarse ás súas tendencias evolutivas. Actualmente, Carballo Cocinas está a experimentar con combinacións de materiais tradicionais e contemporáneos, para crear ambientes creativos e inspiradores que combinan madeiras, materiais acrílicos, aluminios, brillos e cores. Como fabricante integral de portas e compoñentes de cociña, a prioridade de Carballo Cocinas é ofrecer as ferramentas que axuden aos usuarios finais a expresar a súa individualidade na elección e deseño das súas cociñas.

A empresa está inmersa nos procesos de certificación de calidade recollidos nas normas ISO-9000 e ISO-14000, colabora coa Universidade de Vigo no desenvolvemento dunha ferramenta ERP adaptada ao sector da madeira, e participa tamén nas actividades do Clúster da Madeira rela-

cionadas coa súa actividade productiva e comercial. Carballo Cocinas ten claro que no noso ambiente económico é imprescindible manter unha dinámica de mellora continua para poder afrontar con garantías os crecentes retos que plantea o mercado das cociñas.

Neste esforzo de crecemento e adaptación flexible, a empresa valora as aportacións tanto do seu propio equipo humano como as de subministradores, clientes, actuais e potenciais, e outros actores do mercado cos que a empresa mantén relacións regulares. Somos conscientes da necesidade de coordinar os nosos procesos productivos e creativos cos dos nosos subministradores e clientes, para conseguir entre todos o obxectivo de superar as expectativas dos usuarios finais dos nosos fabricados. É cara esa meta que encamiñámo-los nosos traballos.





Axudas e Subvencións



Organismo: IGAPE

Axuda
- Axuda ós Costes de Auditoría de Contas nos Programas de Préstamos e Garantías

Vixencia
Indefinida, mentres non se publique a súa derogación

Axuda
- Convenio de Apoio Financeiro ás PEMES, 2004-2006, suscrito entre o IGAPE e as Entidades Financeiras
- Convenio de Colaboración entre o IGAPE, CERSA, as Sociedades de Garantía Recíproca e as Entidades Financeiras adheridas para a habilitación dunha Línea de Financiación específica de Microcréditos en Galicia

Vixencia
Ata 2006

Axuda
- Inversions Rexionais
- Incentivos Económicos Rexionais para a corrección de Desequilibrios Económicos Interterritoriais

Vixencia
Ata 2006

Axuda
- Préstamos para a financiación da innovación tecnolóxica
- Préstamos para inversións para a mellora da competitividade de Pymes

- Servizos de apoio á Internacionalización
- Programa de Especialización Laboral
- Programa de préstamos para financiar proxectos emprendedores
- Programa de Salvamento e reestruturación de empresas en crisis

- Avais
Vixencia
Indefinida, mentres non se publique a súa derogación

Axuda
- Axudas para a mellora da produtividade empresarial.
- Servizos para o establecemento de novos proxectos.

Vixencia
Vixencia: 2002-2006. Se lles informará en tempo e forma das novas axudas que vaian saíndo para o 2007.

Máis información en:
*www.igape.es
Complejo Administrativo San Lázaro, s/n 15703 Santiago de Compostela
Tif.: 902 300903 Fax: 981 558844
E-mail: informa@igape.es

Axuda
- Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica. Tecnoloxías de Deseño e produción Industrial (DPI):

Vixencia
Convocatoria anual
Máis información en:
www.sxid.org/web
Secretaría Xeral de I+D
Rúa dos Feáns, 7, Local C
15706 - Santiago de Compostela
Tif.: 981 541088 Fax: 981 541039

Axuda
- Axudas en materia de Tecnoloxías da Información e Comunicación

Vixencia
Convocatoria anual
Axuda
- Axudas para o proceso de Certificación según as Normas ISO 9001 ISO 14001

Vixencia
Ata o 31/12/2006

Axuda
- Axudas para Proxectos de Investigación Industrial e para Dotación de Laboratorios e Departamentos de I+D

Vixencia
Convocatoria anual

Máis información en:
*http://www.xunta.es/conselle/in/index.htm
Consellería de Innovación, Industria e Comercio
San Caetano, s/n
15704 Santiago de Compostela
Tif. 981 545512 Fax: 981 544948



XUNTA DE GALICIA

Organismo: Consellería de Medio Ambiente

Axuda
- Axudas a empresas e organizacións para a súa adhesión a un sistema comunitario de xestión e auditoría medioambientais (EMAS))

- Axudas para o fomento da mellora da calidade na comercialización de produtos silvícolas

Vixencia
Indefinida, mentres non se publique a súa derogación
Máis información en:
*http://www.xunta.es/conselle/cma/gl/index.htm
Consellería de Medio Ambiente
Complejo Advo. San Lázaro, s/n 15704 Santiago de Compostela
Tif: 981 544141 Fax: 981 541987



Organismo: CDTI (Centro para el Desarrollo Tecnológico Industrial)

Axuda
- EUREKA. Programa Europeo de Cooperación no campo da Investigación e no Desenvolvemento Tecnolóxico

Vixencia
Permanentemente
Consultar
Máis información en:
www.cdti.es
CDTI-Dpto. Programas de Colaboración Cid, 4
28001 - Madrid
Tif.: 91 5815607 Fax: 91 5815566
E-mail: eureka@cdti.es

Axuda
- IBEROEKA. Programa Iberoamericano de Cooperación no campo da Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico

Vixencia
Permanentemente

Máis información en:
www.cdti.es
CDTI - Programa IBEROEKA
Cid, 4
28001 - Madrid
Tif.: 91 5815518 Fax: 91 5815586
E-mail: asp@cdti.es

Axuda
- Iniciativa NEOTEC

Vixencia
Permanentemente

Máis información en:
www.neotec.cdti.es
CDTI-Unidad NEOTEC
Cid, 4
28001 - Madrid
Tif.: 91 5815512/614 Fax: 91 5815594
E-mail: neotec@cdti.es

Axuda
- Financiación a la I+D+i
- Internacionalización de I+D+i
- Plataformas Tecnolóxicas Europeas

Vixencia
Permanentemente

Máis información en:
www.cdti.es
CDTI-Dpto. Cooperación Internacional
Cid, 4
28001 - Madrid
Tif.: 91 5815614
E-mail: cdh@cdti.es



Organismo: ICEX (Instituto de Comercio Exterior)

Axuda
- Acompañamiento Empresarial
- PAPI - Programa de Apoio a Proxectos de Inversión
- Programas de Asesoramento
- Consorcio de Exportación
- Plan de implantación no exterior
- Homologación/Certificación no exterior
- Apoio a Marcas Españolas
- Acordo de Colaboración ICEX - CDE (Centro para o Desenvolvemento Empresarial)

- Programa de Captación e Formación de Profesionais Extranxeiros para a Internacionalización da Empresa Española
- PROSPINVER (Programa de Prospección de Inversións no exterior)
- PIPE 2000-Plan de Iniciación á Promoción Exterior

Vixencia
Consultar
Máis información en:
www.icex.es/pipe2000.html
Tif.: 902 192000
E-mail: pipe2000@icex.es



Organismo: ICO (Instituto de Crédito Oficial)

Axuda
- Línea de Innovación Tecnolóxica
- SISTEMA CARI - Contrato de Axuste Recíproco de Intereses
- Microcréditos para España
- PROINVE - Programa de Financiación de Grandes Proxectos no Exterior
- PROGRAMA GRINVE - Programa de Financiación de Grandes Inversións en España

Máis información en:
www.ico.es

ICO
Paseo del Prado, 4
28014 - Madrid
Tif.: 900 121121 / 91 5921555
Fax: 91 5921700



Organismo: Unión Europea

Axuda
- VI Programa Marco de Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico (2002-2006)

Vixencia
O prazo de presentación de propostas varía según o programa

Máis información en:
//sost.cdti.es
SOST
Rue Guimard, 15
B-1040 Bruselas (Bélgica)
Tif.: 0032 2 5510280
Fax: 0032 2 5510285
E-mail: infodesk@sost.be

Axuda
- 2ª Fase do Programa Leonardo Da Vinci
Vixencia
Ata o 31/12/2006, aínda que as propostas deberán respetar os prazos anuais fixados nas convocatorias de propostas comunitarias (e nas convocatorias nacionais, se as houberse, no caso dos proxectos de mobilidade).

Máis información en:
//europa.eu.int/comm/education/leonardo_en.html
Dirección General de Educación y Cultura
Dª Marta Ferreira Lourenço
B-7 7/42
Rue de la Loi, 200
1049 - Bruselas (Bélgica)
Tif.: 0032 2 2962658
E-mail: Marta.Ferreira@cec.eu.int



Feiras

Data Inicio	Data Fin	Feira	País/Cidade	Sector
5-ene	9-ene	APPROFAL / International Furnishings Supplier's Exhibition	France / Paris	Madeira
5-ene	9-ene	Salon Du Meuble de Paris/ Paris Furniture Fair	France / Paris	Moble
6-ene	10-ene	Wood. Woodworking/ Trade Fair for the Wood industry	Russia / Novokusnezsk	Madeira
11-ene	9-ene	NOTHING BUT NEW / new products in the Furniture	Belgium / Ghent	Moble
14-ene	17-ene	TCHFE / The Canadian Home Furnishing Market	Canada / Toronto	Moble
14-ene	14-ene	International Furniture Machinery, Equipment and Accessories Exhibition	Iran/ Tehran	Moble
16-ene	22-ene	IMM / International Furniture Fair	Germany /Cologne	Moble
20-ene	23-ene	Dallas Furniture Market / Fine Furniture and decorative accessories	USA / Dallas	Moble
21-ene	24-ene	TextilHogar / International Fair on home textiles and decoration	Spain / Valencia	Moble
21-ene	25-ene	MOSTRA ROTA / Ideal Home Exhibition	Greece/Athens	Moble
22-ene	25-ene	FURNISHING ACCESSORIES / Annual show of furnishing accessories	UK / Birmingham	Moble
22-ene	25-ene	KBB / The largest kitchen, bathroom and bedroom show in the UK	UK / Birmingham	Cociña/baño
22-ene	25-ene	THE FURNITURE SHOW / Annual show of the furniture and accessories on offer in the coming season	UK / Birmingham	Moble
25-ene	25-ene	Vivi la casa in Ferie / Furniture & Furnishing Exhibitio Market	Italy / Verona	Moble
26-ene	30-ene	The Furniture Show, Incorp. Furnishing Accessories	U. K. / Birmingham	Moble
27-ene	31-ene	PLANETE MEUBLE.	Paris / France	Moble
01-feb	04-feb	Maison & Object / The international Homestyle exhibition	France / Paris	Moble
1-feb	05-feb	Innbau / Trade fair for interior design and woodworking	Germany / Leipzig	Moble
02-feb	05-feb	FIMA / International Furniture Industry Exhibition	Tunisia / Tunis	Moble
02-feb	05-feb	InterDecorasao / House, decoration & gift	Portugal / Oporto	Moble
2-feb	4-feb	PRAGO INTERIER - NEW DESIGN / International exhibition of furniture, flooring, home textiles, lighting, accessories.	Czech Rep. / Praque	Moble
05-feb	07-feb	Innbau / Trade Fair for Interior Design & Woodworking	Germany / Leipzig	Madeira
05-feb	08-feb	Edison Furniture & Accessory Market / The East Coast's furniture and accessory market	USA / Edison	Moble
05-feb	08-feb	Decoforce / Contemporary home and garden decoration	Belgium / Brussels	Moble
05-feb	08-feb	Intirio / Professional trade fair for home decoration and household linen	Belgium / Ghent	Moble
7-feb	11-feb	CEVISAMA / international trade show for Ceramic Tiles, Surface Coverings, Sanitaryware	Valencia / Spain	Cociña/baño
08-feb	10-feb	Australian International Furniture Fair / Home furniture, outdoor furniture, furnishings and fabrics, lighting and lamps	Australia / Sydney	Moble
08-feb	11-feb	Furniture of Russia / Home furniture, office / bank furniture, furniture of public rooms.	Russia / Moscow	Moble
08-feb	12-feb	Stockholm Furniture Fair / Home and contract furniture fair	Sweden /Stokholm	Moble
8-feb	5-feb	PRAGOINTERIER- NEW DESIGN/Exhibition of Furniture, Flooring,home textiles,lighting & accesories	Czech Republic/PRAGUE	Moble
8-feb	10-feb	Australian Intenational Furniture Fair	Australia/Sydney	Moble
9-feb	12-feb	Stockholm Furniture Fair / International Swedish Furniture Trade Fair	Sweden / Stockholm	Moble
9-feb	12-feb	FIDEXPO - WORLD OF FURNITURE & INTERIORS / International Furniture Trade Fair & Conference	Russia/ St.petesburgo	Moble
14-feb	19-feb	MEBEL / International Furniture, Home & office and Equipment And Furniture Industry Exhibition	Macedoia (FYROM)/ Skopje	Moble
15-feb	12-feb	ISAP / International Exhibition on Fittings, Components, SemiFinished Prodcets and materials for Fumirture Making	Russia/ St.petesburgo	Moble
16-feb	17-feb	Caronlinas Industrial Woodworking Expo / Cabinets, industrial Woodworking, Furniture	USA / Greensboro	Madeira
16-feb	18-feb	EXM - EXPOMUEBLE / Furniture Exhibition	Mexico / Guadalajara	Moble
16-feb	19-feb	INVENTA / Art of Living	Germany / Karlsruhe	Moble
17-feb	26-feb	MUBA Wohnsinn / Furniture and accessories for contemporary interiors to modern design	Switzerland / Basle	Moble
18-feb	26-feb	Fierarredo Bologna / Fair of modern and classic furniture, bathroom furniture, garden furniture	Italy / Bologna	Moble
19-feb	23-feb	IFEX / International interior design and exclusive furniture industry	UAE / Abu Dhadi	Moble
20-feb	23-feb	ZOW / Exhibition of the suppliers to the furniture industry	Germany / Bad Salzlfuen	Moble
21-feb	24-feb	OFITEC / International office furniture trade show	Spain / Madrid	Moble
21-feb	24-feb	Kiev Interiors / International exhibition for interiors	Ukraine / Kiev	Moble
21-feb	20-feb	Indiawood / International Exhibition of Woodworking Machinery, Tools, Fittings, Accessories, Materials & Products	India / Bangalore	Madeira
21-feb	24-feb	FurniTek China / International Exhibition of Machinery and Accessories for Furniture Production, Upholstery and Furnishings	China, PR/ Shanghai	Moble
21-feb	24-feb	WoodBuild China / International Exhibition of Timber & Wood Products for the Furniture & Building Industries	China, PR / Shanghai	Madeira
22-feb	26-feb	Furniture Spring / International exhibition furniture	Bulgaria / Sofia	Moble
22-feb	26-feb	MOBILIARIA / national Fair	Sevilla / Spain	Moble
23-feb	24-feb	WoodMac China / International Forestry & Woodworking Machinery & Supplies Exhibition	China, PR / Shanghai	Madeira
23-feb	27-feb	Specialized Exhibition for Wood industry and Products, Equipment and Accesories for furniture Çand Interior Decoration	Iran/Isfahan	Moble
25-feb	25-feb	Oregon Logging Conference and Equipment Show	USA / Eugene, OR	Madeira
26-feb	1-mar	Cebu X / Cebu International Furniture and Furnishings Exhibition	Philippines / Cebu	Moble
26-feb	5-mar	CASAIDEA/ Furnishing And Furniture Exhibition	Italy / Rome	Moble
27-feb	1-mar	Cebu Furniture And Furnishings Exhibition	Philippines / Cebu/Cebu	Moble
27-feb	2-mar	Philippine International Furniture Show	Philippines / Manila	Moble
1-mar	5-mar	IFFS / AFS / International Furniture Fair Singapore with ASEAN Furniture Show	Singapore / Singapore	Moble
2-mar	5-mar	Furniture & Wood Processing Exhibition	Colombia / Bogota	Madeira
3-mar	5-mar	Furniture and Wood Processing Exhibition	Colombia / Bogofa	Moble
4-mar	8-mar	FEMADE / International wood & Furniture Working Machinery Exhibition	Brazil / Curitiba	Madeira
4-mar	12-mar	ARREDO/ Specialized Fair for Furniture And Furnishing	Italy/Bolzano	Moble
4-mar	12-mar	Salone del mobile / Furniture Fair	Italy/ Florence	Moble
7-mar	10-mar	FurniWood China / Exhibition onFurniture accessories, materials and wood products	China / Beijing	Moble
7-mar	10-mar	WM fair china / Exhibition on woodworking machinery and furniture manufacturing equipment	China / Beijing	Madeira
7-mar	11-mar	MAFEX / Malaysian Furniture Export Exhibition	Malaysia / Kuala Lumpur	Moble
7-mar	11-mar	MIFF / Malaysian international furniture fair	Malaysia / Kuala Lumpur	Moble
7-mar	8-mar	FEMADE / International wood & Furniture Working Machinery Exhibition	Brazil / Curitiba	Moble
7-mar	10-mar	FURNIWOOD CHINA / Furniture World China And Woodworking machinery	China,PR/ Beijing	Moble
7-mar	10-mar	Furniwood China / International Exhibition on Furniture Accessories, Materials & Wood products	China, Pr / Beijing	Moble
7-mar	11-mar	MIFF / Malaysian International Furniture Fair	Malaysia / Kuala Lumpur	Moble
7-mar	12-mar	Fuurniture & Living / International Fair for Furniture & Household Accessories	Slovak Rep. / Nitra	Moble



Feiras

Data Inicio	Data Fin	Feira	País/Cidade	Sector
8-mar	12-mar	ExportHome / Furniture, lighting and household goods for export	Portugal / Oporto	Moble
8-mar	12-mar	Furniture & Living / International Furniture and household accessories fair	Slovak Rep./ Nitra	Moble
8-mar	12-mar	TIFF / ida 2006 - Thailand international furniture fair / interior design Asia	Thailand / Bangkok	Moble
8-mar	10-mar	WM Fair China / International exhibition on Woodworking Machinery and Furniture Manufacturing Equipment	China, Pr / Beijing	Moble
8-mar	12-mar	EXPORTHOME / Exhibition of Furniture, Lighting and Household Goods For Export	Portugal / Porto	Moble
8-mar	12-mar	TIFF / Thailand International Furniture Fair	Thailand / Bangkok	Moble
9-mar	12-mar	FIDEXPO / International specialized exhibition of furniture, interiors and design	Russia / Moscow	Moble
9-mar	13-mar	Presentes / Exhibition of Decoretion, Lighting, Furniture Gifts & HouseHold Items	Argentina / Buenos Aires	Decoración
9-mar	11-mar	EXPOBOIS / The Wood Industry Exhibition	France / Paris	Madeira
9-mar	12-mar	FIDExpo Moscow / International Exhibition of Furniture, Design & Interiors	Russia / Moscow	Moble
9-mar	12-mar	FIDExpo Moscow / International Exhibition of Furniture, Design & Interiors	Russia/ Moscow	Moble
9-mar	13-mar	KIEV EXPO FURNITURE / International Exhibition of Furniture & Interior Decoration	Ukraine / Kiev	Moble
10-mar	13-mar	FTCT / Furnituyre Technologies, Components Textiles - Specialized Exhibition	Ukraine / Kiev	Moble
11-mar	19-mar	Wohnen & interieur / International fair for dream - interiors, lifseyle and accesories.	Austria / Vienna	Moble
11-mar	12-mar	LAS EXPO / Timber industry and forest Resources managemente Fair	Poland / Kielce	Madeira
13-mar	17-mar	Movelsul Brasil / Global furniture pro-fair	Brazil / Bento GonÇalves	Moble
14-mar	16-mar	Furnit. Fab.Furniture Fabrics Show / Specializad suppliers show for the seating and upholstery industry	Poland / Poznan	Moble
14-mar	18-mar	Furniture Fair of Yecla / Regional Furniture Fair	Spain / Yecla	Moble
14-mar	19-mar	Wohnen & Interieur / Australia's Largest Trade Fair For Dream Interiors , Designs, Lifestyle,Accessories and Garden	Australia/Vienna	Moble
15-mar	18-mar	TIFS / Taipei international Furniture show	Taiwan / Taipei	Moble
15-mar	18-mar	Techni-Show / Trade Fair for industrial productio9n Technologies	Netherlands/ Utrecht	Madeira
15-mar	19-mar	CONMOB / National Cpntracting Fair For Furniture, components and Accessories for the furniture Industry	Romania/ Cluj-Napoca	Moble
18-mar	26-mar	SFEER /Event for interior decoration garden & pool	Belgium / Ghent	Moble
18-mar	18-mar	TIFS / Taipei International Furniture Show	Taiwan / Taipei	Moble
22-mar	26-mar	Fumidec / International exhibition of furniture	Greece / Thessaloniki	Moble
22-mar	25-mar	HOLZ - HANDWERK / European Trade Fair for Machine Technology, Equipment & Supplies for the Wood Crafts	Germany / Nuremberg	Madeira
22-mar	26-mar	MAISON / Building, Furnishing and interior decoration	Belgium / Charleroi	Moble
22-mar	26-mar	MOBITEX / International living Fair	Czech Republic/BRNO	Moble
23-mar	26-mar	BALDAI / Furniture and new design ideas in furniture production	Lithuania / Vilnius	Moble
23-mar	26-mar	Bmt / Fair of technology, machinery, equipment, materials for furniture and wood industry	Lithuania / Vilnius	Madeira
23-mar	24-mar	WTCS / Wood Techniology Clinic and Show	USA / Portland, OR	Madeira
23-mar	26-mar	FURNITURE/ International Furniture Trade Fairs	Lithuania/ Vilnius	Moble
24-mar	26-mar	BMT/ International Trade Fair of Technology , Machinery, Equipment and Materials for the Furniture and Wood industry	Lithuania/ Vilnius	Moble
24-mar	26-mar	Furniture & Interior Decoration Exhibition	Poland / Olsztyn	Moble
24-mar	28-mar	TECHNOMEBEL / Exhibition for Wood Processing & the Forniture Industry	Bulgaria / Sofia	Moble
25-mar	27-mar	Bois & Habitat / Belgian Fair for Wood Construction, Design & New Energy Sources	Belgium / Namur	Madeira
26-mar	28-mar	Interzum guangzhou/ international Trade Fair for Furniture Producton	China, PR/ Guangzhou	Moble
27-mar	30-mar	CIFF / China international home and office furniture fair	China / Guangzhou	Moble
29-mar	2-abr	FORESTA / International Specialised Fair for Forestry, Wood Exploitation and Wood Processing Industry	Romania / Cluj-Napoca	Madeira
30-mar	29-mar	CIFF Guangzhou (2nd stage) /China international office Furniture	China,PR/ Guangzhou	Moble
31-mar	3-abr	Salon Dec'Oh / Interior Decoration_ & Garden Exhibition	Monaco/ Monte Carlo	Moble
1-abr	2-abr	Timber & Working with Wood Show	New Zealand / Auckland	Madeira
April		Pitti Living / lifestyle Exhibition	Italy / Milan	Moble
April		Meubelvacbeurs Nord en Oost + Woningtextiel / Regional Furniture Fair	Netherlands / Hardenberg	Moble
April		Interior Decoration. Furniture/ Exhibition for furniture, interior Design & Country homes	Russia / Togliatti	Moble
April		MINSK FURNITURE SALON / International Furniture Industry, interior Decoration And lighting exhibition	Belarus/Minsk	Moble
4-abr	7-abr	Hotelex Shanghai / Kitchen - Catering- Coffe - Bar equipmente, contrac furniture & Furnishing	China / Shangai	Cociña/baño
5-abr	10-abr	Salone Internazionale del complemento d'Arredo / International furnishing accesories exhibition	Italy / Rho-pero	Moble
5-abr	7-abr	Wood + Building China / Exhibition	China, PR / Shanghai	Madeira
5-abr	10-abr	EuroCucina / International Kitchen Furniture Exhibition	Italy / Milan	Cociña/baño
5-abr	10-abr	Eimu / International Exhibition of Office Furniture	Italy / Milan	Moble
5-abr	10-abr	Salone Internazionale Del Mobile / International Furniture Fair	Italy / Milan	Moble
6-abr	8-abr	DESIGEX / Intenational Comercial And Residential Interior Design Exhibition	Australia/Sydney	Moble
6-abr	9-abr	INTERWOOD/ Exhibition of Woodworking Machines, Raw Materials, Furniture Fittings, Hardware and Ironmongery	Grece/ Piraeus	Moble
6-abr	9-abr	Home Fashion & Design Shanghai / Design Furniture and Furnishing	China / Shanghai	Moble
12-abr	9-abr	MEZS UN KOKS/ FOREST AND WOOD / Forestry and woodworking Exhibition	Latvia / Riga	Madeira
17-abr	13-abr	Las Vegas International hotel & Restaurant Show / Furniture, furnishings, fixtures for hotels and restaurant	USA / Las Vegas	Moble
19-abr	20-abr	ZOW Russland/ Furniture Components Trade Fair	Russia/ Moscow	Moble
19-abr	22-abr	FURNITEK INDONESIA/ international Exhibition of Machinery and Accesories for Furniture Production	Indonesia/ Jakarta	Moble
19-abr	22-abr	WOODWORKIND & FORESTRY INDONESIA / International Woodworkin Machinery, Timber Processing & Forestry Exhibition	Indonesia/ Jakarta	Madeira
19-abr	23-abr	IMOB/ Istanbul Furniture Fair	Turkey / Istanbul	Moble
21-abr	23-abr	HAJDUEP, NYILEP,DEGEP,KERTEP/ Exhibition for Bulding Machines & materials, Furnishing, windows & doors and gardening	Hungary/Debrecen	Moble
21-abr	23-abr	K-BIS / kitchen / bath industry exposition	USA/Chicago	Cociña/baño
21-abr	24-abr	Hong kong Houseware Fair / Home furniture, furnishings, accessories	Hong Kong/Hong Kong	Moble
21-abr	28-abr	Modern House Exhibition / International home furniture exhibition	Kuwait / kuwait	Moble
23-abr	30-abr	FERIA INTERNACIONAL DEL MUEBLE DE MADRID / Madrid International Furniture Exhibition	Spain / Madrid	Moble
24-abr	26-abr	Collective Homeshow Kortrij	Belgium / Kortrij	Moble
25-abr	26-abr	Elmia Material & Funktion / Materials Components & Solutions for Furniture Industry, Carpenter and Finishings Manufacturing	Sweden / Jonkoping	Moble
27-abr	29-abr	Deutsche Ausbaumesse Essen / Numburg / Wood Construction - Roofing - Plastering - Dry Construction	Germany / Nuremberg	Madeira
27-abr	30-abr	FurnitechWoodtech / International Woodworking&Furniture Production Machinery, Accessores&Technology Trade Exhibition & Conference	Thailand / Bangkok	Moble